<p>peninsular (II): os sistemas montañosos exteriores á Meseta; as depresións exteriores á Meseta.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O relevo costeiro: as costas da península ibérica e o relevo de Baleares e Canarias.</li> <li>• O relevo de interior e de costa de Galicia.</li> <li>• A hidroloxía de España. Características dos ríos españois. Vertentes cantábrica, atlántica e mediterránea.</li> <li>• Características e vertentes dos ríos de Galicia.</li> </ul> <p><b>UD. 4. A Poboación e a organización política.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A poboación de España (I): a natalidade e a mortalidade, a emigración e a inmigración.</li> <li>• A poboación española (II): a distribución da poboación, a poboación e as migracións, a poboación e o traballo.</li> <li>• A poboación en Galicia: unha distribución desigual, con escaso crecemento, elevada emigración e envellecida.</li> <li>• A organización territorial de España: os municipios, as provincias e as comunidades autónomas.</li> <li>• O goberno de España: a constitución, o xefe de Estado, o goberno central, a cortes xerais e os tribunais de xustiza.</li> <li>• Os gobernos municipal e autonómico: o goberno municipal e o goberno autonómico.</li> <li>• A representación da poboación, gráficos e pirámides.</li> </ul> <p><b>UD. 5. As actividades económicas.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sector primario: a</li> </ul>	<p>españolas e a súa localización, así como as diferenzas entre elas.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>3. Explicar e describir os sistemas montañosos, as chairas e as costas de Galicia.</li> <li>4. Describir as características dos ríos españois e os factores que os determinan atendendo á vertente onde se encontren.</li> <li>5. Coñecer as características e as vertentes dos ríos galegos.</li> <li>6. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos hídricos.</li> <li>7. Utilizar con rigor e precisión o vocabulario adquirido sobre o relevo e a hidroloxía.</li> </ol> <p><b>UD. 4. A Poboación e a organización política.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Respetar a diversidade humana e cultural da poboación española.</li> <li>2. Coñecer a poboación total de España, o seu crecemento natural e o seu crecemento real, e a súa distribución.</li> <li>3. Coñecer a poboación total de Galicia, e as súas características principais</li> <li>4. Definir como é a composición e organización territorial de España</li> <li>5. Explicar a importancia da constitución para o funcionamento do Estado español.</li> <li>6. Comprender a división de poderes do Estado e as institucións que se encargan destes, así como as atribucións recollidas na constitución para cada un deles.</li> <li>7. Coñecer as institucións de goberno dos municipios, das provincias e das comunidades autónomas e as súas atribucións.</li> <li>8. Representar e interpretar a poboación en diversos gráficos e en pirámides.</li> <li>9. Definir conceptos poboacionais que se utilizan para o estudo da poboación.</li> </ol> <p><b>UD. 5. As actividades económicas.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Describir que é o sector</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>2.3. Sitúa e recoñece nun mapa o relevo e as costas de Baleares e de Canarias</li> <li>3.1. Explica cada un dos tres conxuntos montañosos do Macizo Galaico.       <ol style="list-style-type: none"> <li>3.2. Coñece os cinco tramos da costa galega e os seus accidentes máis importantes.</li> </ol> </li> <li>4.1. Describe as características dos ríos españois.       <ol style="list-style-type: none"> <li>4.2. Coñece os ríos principais das tres vertentes peninsulares.</li> </ol> </li> <li>5.1. Coñece as características e as vertentes dos ríos de Galicia.</li> <li>6.1. Recoñece a influencia do comportamento humano no medio natural e nomea medidas para conservar os recursos hídricos.</li> <li>7.1. Adopta un vocabulario técnico adecuado á súa idade relacionado co relevo e a hidroloxía.</li> </ol> <p><b>UD. 4. A Poboación e a organización política.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Define natalidade e mortalidade, crecemento natural e crecemento real.       <ol style="list-style-type: none"> <li>2.1. Coñece a poboación total de España, o seu crecemento natural e o seu crecemento real.</li> <li>2.2. Describe a distribución xeográfica da poboación española.</li> <li>2.3. Coñece os movementos migratorios de España.</li> <li>2.4. Clasifica a poboación española en relación co traballo, distinguindo entre poboación activa e poboación non activa.</li> </ol> </li> <li>3.1. Coñece a poboación total de Galicia, o seu crecemento natural e o seu crecemento real.       <ol style="list-style-type: none"> <li>3.2. Describe a distribución xeográfica da poboación galega.</li> </ol> </li> <li>4.1. Define a organización do territorio español.       <ol style="list-style-type: none"> <li>4.2. Describe a formación dos municipios.</li> <li>4.3. Describe e identifica as provincias e as comunidades autónomas.</li> </ol> </li> <li>5.1. Identifica os principios democráticos máis importantes establecidos na constitución.       <ol style="list-style-type: none"> <li>6.1. Identifica o poder executivo, o goberno central, e explica a súa composición e o seu labor.</li> <li>6.2. Identifica o poder lexislativo, as cortes xerais e as cámaras que a compoñen, e explica a súa función e organización</li> <li>6.3. Coñece as funcións dos xuíces e maxistrados que compoñen os tribunais de xustiza, o poder xudicial.</li> </ol> </li> <li>7.1. Coñece os municipios, o goberno municipal e os concellos.       <ol style="list-style-type: none"> <li>7.2. Coñece as provincias e as súas deputacións.</li> <li>7.3. Coñece as comunidades autónomas, o estatuto de autonomía e as institucións de goberno da comunidade.</li> </ol> </li> <li>8.1. Representa a poboación en gráficos de columnas e circulares e pirámides.</li> <li>9.1. Recoñece a diversidade cultural e humana da poboación e mostra unha posición activa de respecto.</li> </ol> <p><b>UD. 5. As actividades económicas.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Describe e explica que é o sector primario.</li> <li>2.1. Describe e explica a agricultura de secano e a agricultura de regadío.</li> <li>2.2. Explica que é a gandería e distingue diversos tipos de gandería.</li> <li>2.3. Describe que é a pesca e distingue entre pesca de altura e</li> </ol>
---	--	---

<p>agricultura, a gandería, pesca, a explotación forestal.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O sector secundario: a minería, as fontes de enerxía, as actividades industriais.</li> <li>• O sector terciario: o comercio, o transporte e o turismo.</li> <li>• O coidado das nosas augas e bosques.</li> <li>• Un proceso industrial.</li> </ul> <p><b>UD.6. A Idade Media e a Idade Moderna.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As invasións xermánicas e o reino visigodo: os pobos xermánicos e a caída do imperio romano; o reino visigodo en España.</li> <li>• Al-Ándalus: Mahoma e o islam; a evolución de al-Ándalus; a vida en al-Ándalus.</li> <li>• Os reinos cristiáns peninsulares: orixe e proceso de formación; a Reconquista; a organización social; a reaparición das cidades.</li> <li>• A Idade Media en Galicia: o Camiño de Santiago.</li> <li>• O Camiño de Santiago: a importancia da Ruta Xacobeana como entrada e saída de novas ideas; o románico e o gótico.</li> <li>• Cristianismo, islam e xudaísmo.</li> <li>• Os Reis Católicos: os grandes acontecementos da Idade Moderna; o descubrimento de América.</li> <li>• O auxe da monarquía: Carlos I e os seus problemas internos, os problemas exteriores do emperador; Felipe II e a súa política interior e exterior.</li> <li>• A decadencia do imperio: un século de cambios, os reinados dos Austrias menores.</li> <li>• O Século de Ouro: a época do Renacemento e</li> </ul>	<p>primario.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Describir e explicar as diversas actividades do sector primario.</li> <li>3. Describir e explicar as actividades do sector secundario.</li> <li>4. Describir e explicar as actividades do sector terciario.</li> <li>5. Analizar como coidar das nosas augas e bosques.</li> <li>6. Describir e analizar un proceso industrial cun exemplo tipo.</li> </ol> <p><b>UD.6. A Idade Media e a Idade Moderna.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Situar o período da Idade Media no tempo e nos seus feitos principais.</li> <li>2. Valorar a importancia da chegada dos pobos bárbaros ao imperio romano de Occidente na conformación dos estados europeos</li> <li>3. Coñecer o nacemento do islam e os seus preceptos e a figura de Mahoma.</li> <li>4. Describir as etapas históricas máis importantes de al-Ándalus, e coñecer a vida de al-Ándalus e o seu legado científico e cultural.</li> <li>5. Coñecer a orixe e formación dos primeiros reinos cristiáns peninsulares.</li> <li>6. Coñecer o período da Reconquista e a ampliación territorial dos reinos cristiáns.</li> <li>7. Coñecer a organización económica e social dos reinos cristiáns peninsulares.</li> <li>8. Coñecer os acontecementos máis importantes da Idade Media en Galicia.</li> <li>9. Distinguir os principais elementos artísticos que definen a arte medieval.</li> <li>10. Coñecer a singularidade da convivencia dos tres grupos relixiosos e sociais de España durante a Idade Media</li> <li>11. Describir as directrices xerais da política dos Reis Católicos e os grandes acontecementos da súa época.</li> <li>12. Coñecer o período de auxe do imperio español durante os reinados de Carlos I e Felipe II.</li> <li>13. Coñecer o período de decadencia do imperio español durante os reinados de Felipe III, Felipe IV e</li> </ol>	<p>pesca de baixura.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2.4. Explica que é a explotación forestal.</li> <li>3.1. Describe que é o sector secundario e para que serve.</li> <li>3.2. Describe que é a minería e distingue entre minas subterráneas e minas a ceo aberto.</li> <li>3.3. Describe e distingue entre fontes de enerxía tradicionais ou non renovables e fontes de enerxías alternativas ou renovables.</li> <li>3.4. Describe as principais industrias de España e Galicia distinguindo entre industrias de base, de bens de equipo e de bens de consumo.</li> <li>4.1. Describe e explica que é o sector terciario.</li> <li>4.2. Describe e explica a actividade comercial.</li> <li>4.3. Explica e diferencia entre comercio interior e exterior.</li> <li>4.4. Describe que é o transporte.</li> <li>4.5. Explica e diferencia entre transporte terrestre, marítimo e aéreo.</li> <li>4.6. Describe e explica que é o turismo.</li> <li>4.7. Describe os diversos tipos ou actividades do turismo segundo o destino elixido polos turistas.</li> <li>5.1. Analiza e elabora diversas formas de contribuír ao coidado das augas e dos bosques.</li> <li>6.1. Entende que todo proceso industrial necesita dunha materia prima.</li> <li>6.2. Identifica os distintos pasos do proceso de elaboración dun ben de consumo.</li> </ol> <p><b>UD.6. A Idade Media e a Idade Moderna.</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. Define o período da Idade Media no tempo e nos seus feitos principais.</li> <li>2.1. Valora a importancia da chegada dos pobos bárbaros na conformación dos estados europeos.</li> <li>2.2. Coñece a importancia do pobo visigodo na conformación política de España</li> <li>3.1. Coñece a figura de Mahoma e o nacemento do islamismo e os seus preceptos relixiosos.</li> <li>4.1. Describe as etapas históricas de al-Ándalus, emirato dependente, emirato independente, califato de Córdoba, reinos de Taifas.</li> <li>4.2. Coñece a vida en al-Ándalus, e a contribución científica e cultural.</li> <li>5.1. Coñece a orixe e o proceso de formación dos primeiros reinos cristiáns peninsulares.</li> <li>6.1. Coñece o proceso de formación territorial dos reinos de Castela e León, e da Coroa de Aragón.</li> <li>7.1. Coñece a organización estamental da sociedade cristiá peninsular, o auxe dos gremios e a reaparición das cidades na Idade Media.</li> <li>8.1. Coñece a importancia do Camiño de Santiago como eixe de desenvolvemento económico das cidades da ruta.</li> <li>9.1. Distingue os principais elementos artísticos que definen o románico e o gótico.</li> <li>10.1. Describe as singularidades das tres culturas da España medieval: musulmá, xudía e cristiá.</li> <li>11.1. Explica os feitos máis relevantes da época dos Reis Católicos.</li> <li>11.2. Describe as causas que motivaron as grandes expedicións marítimas e o descubrimento de América.</li> </ol>
---	--	---

<p>do Barroco, principais estilos e personalidades artísticas durante estes períodos. O mundo literario do Século de Ouro español.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O século XVII: os Borbóns: a guerra de Sucesión; o despotismo ilustrado; Francisco de Goya.</li> <li>• A Idade Moderna en Galicia.</li> </ul>	<p>Carlos II.</p> <p>14. Comprender o esplendor cultural e artístico do Século de Ouro español.</p> <p>15. Coñecer a época dos primeiros Borbones españois.</p> <p>16. Coñecer os feitos fundamentais da Idade Moderna en Galicia.</p>	<p>12.1. Coñece os problemas interiores e exteriores do reinado de Carlos I.</p> <p>12.2. Coñece os problemas interiores e exteriores do reinado de Felipe II.</p> <p>13.1. Coñece os cambios que se produciron na España do século XVII.</p> <p>13.2. Coñece os graves problemas políticos da monarquía española do século XVII.</p> <p>14.1. Comprende o Renacemento español, e algúns estilos e figuras representativas.</p> <p>14.2. Comprende o Barroco español, e algúns estilos e figuras representativas</p> <p>15.1. Coñece a guerra de Sucesión que instaura a nova dinastía.</p> <p>15.2. Coñece a época do despotismo ilustrado borbónico.</p> <p>15.3. Recoñece a figura de Goya e a súa importancia artística.</p> <p>16.1. Coñece algúns acontecementos importantes da Idade Moderna en Galicia.</p>
---	--	---

## 5. TEMPORALIZACIÓN.

1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE	
<b>CIENCIAS DA NATUREZA</b>			
1. Os seres vivos. As plantas. 2. Os ecosistemas.	3. A relación humana. 4. Ciencia e saúde.	5. A materia e a enerxía. 6. A enerxía e os cambios. As máquinas.	
<b>LINGUA CASTELÁ</b>			
1. El globo. 2. ¡Nariz a la vista!. 3. Las mariposas. 4. Poemas en el agua.	5. Y la llamaron Celeste. 6. ¡Estamos de Safari!. 7. Personajes poéticos. 8. Antiguas civilizaciones.	9. Se abre el telón. 10. Un acertijo. 11. El abuelo Hércules. 12. Platero.	Repaso das unidades do 1º, 2º trim. e inicio 3º tr. en dixital
<b>LINGUA GALEGA</b>			
1. Con sentimento. 2. A princesa de negro. 3. Sentidiño.	5. A miña vila. 6. O aprendiz de druída. 7. Un conto sen final.	9. Non quero ser princesa. 10. En ruta.	Repaso das unidades do 1º, 2º trim. e

4. Vacacións de Nadal.	8. Un oficio de familia.	11. Tarde de cine. 12. Xogo nocturno.	inicio 3º tr. en dixital
<b>MATEMÁTICAS</b>			
1. Números e operacións. 2. División e divisibilidade. 3. Os números decimais. 4. Operacións con nºs. Decimais.	5. As fraccións. 6. Operacións con fraccións. 7. Sistema métrico decimal. 8. Medidas sexagesimais.	9. O plano e o espazo. 10. Figuras planas. 11. Medidas de superficie. 12. Estatística e probabilidade.	Repaso das unidades do 1º, 2º trim. e inicio 3º tr. en dixital
<b>SOCIAIS</b>			
1. O Universo e a Terra 2. O clima	3. As paisaxes 4. A Poboación e a organizac. política	5. As actividades económicas 6. A Idade Media e a Idade Moderna	

## 6.- CRITERIOS METODOLÓXICOS E ESTRATEXIAS DIDÁCTICAS .

### METODOLOXÍA:

Seguindo os principios metodolóxicos de actividade e experimentación, participación, motivación, personalización, inclusión, interacción, significatividade, funcionalidade e globalización; os modelos metodolóxicos: discursivo/expositivo, experiencial e aprendizaxe cooperativa.

Neste 3º trimestre, nas áreas de lingua castellana, lingua galega e matemáticas, o alumnado traballará de forma on-line a través da plataforma **Snappet**. Diariamente recibirán no seu ordenador, tablet ou móbil unha lección de cada materia que o profesor revisará unha vez realizada polo alumno/a.

En Naturais e Sociais, o alumnado seguirá a traballar co seu libro físico, facendo a lectura e as actividades que cada luns son colgadas na páxina web do cole, para toda a semana, e co compromiso por parte do profesor de revisar estas actividades cando nos volvamos a ver no colexio.

### RECURSOS:

Exposicións do alumnado, libros de texto, de literatura e dixitais, recursos fotocopiados, cd's, pantalla dixital, radio, web's, posters, documentos reais, escritores, ilustradores, familiares voluntarios, saídas, microscopio, esqueleto, partes do corpo, planetario, mapas, biblioteca de centro e de aula, fotos, minerais, seres vivos, ferramentas e máquinas, material de plástico e debuxo, ordenadores, instrumentos musicais, material deportivo,...

Os recursos para este 3º trimestre son : plataforma Snappet, ordenador do profesor, (11 ordenadores, 5 tablets, 2 móbiles) dos alumnos/as; os seus libros físicos e as súas carpetas de naturais e sociais; web do cole e teléfono.

## DINÁMICA DE FUNCIONAMENTO DA CLASE:

Na área de **Matemáticas** e nas áreas das **linguas**:

Neste 3º trimestre, a dinámica de funcionamento é a que segue:

Tódolos días de luns a venres, de 10 a 13:30 h. e de 17 a 18 h., o profesor conéctase á plataforma Snappet e visiona ao alumnado conectado e contacta con el para facer comentarios, resolver dúbidas, dar información, etc. a través dun chat activo que permite instantaneamente falar con cada alumno/a.

Na área das **Ciencias** :

No 3º trimestre, nas áreas de naturais e sociais, o alumnado realiza a lectura no seu libro e as actividades no seu caderno, segundo ás instrucións dadas, o luns, para toda a semana, na páxina web do colexio. Continúan coas unidades do 3º trimestre, para traballar a lectura, a comprensión e a escritura.

## 7.- PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

O referente para avaliar as aprendizaxes do alumnado son os criterios de avaliación e a súa concreción nos estándares de aprendizaxe avaliáveis, que deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

**PROCEDEMENTOS:** Observación directa do traballo diario, análise e valoración de tarefas, valoración cuantitativa e cualitativa do avance individual e colectivo.

**INSTRUMENTOS:** Cualificacións, anotacións, puntualizacións, documentos gráficos, elaboracións, proxectos persoais ou grupais, representacións e dramatizacións, autoavaliación...

Realizarase unha avaliación inicial a primeiros de setembro e unha avaliación contínua durante o curso.

Na avaliación inicial teremos en conta:

- Información recollida no expediente do alumno/a.
- Información da titora do curso anterior.
- Información dos pais e nais do alumnado.
- Proba escrita.

Na avaliación contínua terase en conta o que segue:

- **O traballo na aula:** Concrétase na realización das actividades de clase, o profesor observará (“avaliación informal”) a súa realización, como expresan as súas ideas, as intervencións do alumno, a orde e a limpeza, a actitude e comportamento...
- **Probas específicas:** Probas escritas ou orais ao remate de cada unidade didáctica.
- **O traballo en grupo:** A actitude, reparto de tarefas e a actividade de cada membro nos traballos e na súa presentación en grupo.

- Tarefas realizadas na casa: Complemento diario do explicado e traballado na aula.
- Autoavaliación: Durante a corrección das actividades de clase e nas actividades de exposición e traballos en grupo, o alumno, tando de forma individual ou grupal valora a súa actividade e opina e valora tamén sobre o traballo desenvolvido no grupo.
- Etapa de confinamento : O procedemento de avaliación será o proporcionado polo seguimento a través da plataforma on-line do traballado realizado nas materias de Lengua castellana, Lingua Galega e Matemáticas. Este seguimento permitirá elevar a nota dalgún alumno/a, mais en ningún caso o perxudicará. Se houbose posibilidade de voltar ao colexio, antes de fin de curso, teríase en conta o traballo desenvolvido nos seus cadernos de naturais e sociais para valoralo positivamente se fose necesario.

## 8.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.

Nas **linguas, matemáticas e ciencias**, para a cualificación do alumnado establécense as seguintes porcentaxes:

- Actividades realizadas no caderno de traballo do alumno e en casa : 20%.
- Participación, actitude e interese na clase : 20%.
- Probas de avaliación (controis periódicos, probas,...) : 60%.

A etapa de confinamento non afectará negativamente á cualificación final do alumnado. Esta cualificación terá en conta as porcentaxes anteriores aplicadas ás dúas primeiras avaliacións e poderase ter en conta positivamente o traballado de maneira on-line no 3º trimestre e o traballado na libreta de naturais e sociais, se houbose posibilidade de volver ao centro.

En Ed. Plástica e Valores Sociais e Cívicos serán cualificados en base ás dúas primeiras avaliacións.

## INFORMACIÓN E PUBLICIDADE .

Esta modificación da programación didáctica será publicitada na páxina web do Centro.

A información ao alumnado faise a través do chat da plataforma on-line Snappet, da páxina web do Centro ou teléfono fixo ou móbil cando é imprescindible.

A información ás familias faise a través da páxina web do Centro, do sistema abalar móbil e a través do correo electrónico ou móbil cando é imprescindible.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN MÚSICA 5º CURSO



Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# Índice

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

<b>1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. escoitar obras de características ou estilos e compositores e compositoras diferentes, recoñecer as diferenzas e/ou as relacións existentes, e facer unha valoración posterior.	EMB1.1.1. Expressa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical. EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical.
▪ B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas ou fragmentos, e describir os elementos da linguaxe musical convencional que as compoñen.	EMB1.3.3. Identifica, clasifica e completa os compases traballados. EMB1.3.4. Identifica e utiliza correctamente os elementos da linguaxe musical traballados.
B1.5. Coñecer e identificar as principais familias dos instrumentos, e identificar as principais características de instrumentos doutras culturas.	EMB1.5.1. Identifica de xeito visual e auditivo os instrumentos.
B2.1 Interpretar un repertorio básico de acompañamentos, cancións e pezas instrumentais, ensolitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, valorar o traballo feito, avaliar o resultado e propor accións de mellora.	EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos, con e sen acompañamento
B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	EMB2.3.2. Constrúe algún instrumento orixinal ou similar a un existente.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	(1) Procedementos: Valorarase a participación nas actividades propostas a través dos traballos e vídeos enviados polo alumnado a través do correo electrónico.
	(2) Instrumentos: Elaborarase un rexistro dos traballos e vídeos enviados polo alumnado neste terceiro trimestre, e tamén se terá en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre.
<b>Cualificación final</b>	(3) Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: 90% cualificación acadada nos 1º e 2º trimestres e 10% tarefas desenvolvidas neste 3º trimestre (sempre que beneficien ao alumno/a)

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	As actividades publícanse semanalmente na páxina web do colexio, e están relacionadas cos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe expostos anteriormente.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Dadas as circunstancias, a metodoloxía a seguir, é a proposta de actividades semanalmente, a través da páxina web, e utilizar o correo electrónico como vía de comunicación coas familias, para resolver calquera dúbida e para o envío de vídeos ou tarefas por parte do alumnado. Nos casos de alumnado sen conectividade, coordinarémolos co titor/a correspondente para contactar co alumnado.
<b>Materiais e recursos</b>	Os materiais e recursos empregados serán: ordenador e/ou tableta, conexión a internet, e materiais de refugallo.
<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Realizarase a través da páxina web do colexio e do correo electrónico. E de xeito excepcional, a través dos titores e titoras.
<b>Publicidade</b>	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PETELOS- MOS  
CURSO: 5º ED. PRIMARIA  
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Conianza nas súas capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades da actividade física.	1.1.2. Explica aos seus compañeiros/as as características dun xogo.
	1.2.3. Expón as súas ideas de forma coherente e exprésase de forma correcta.
	1.3.1. Ten interese por mellorar a súa competencia motriz
B4.6. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas	4.1.2. Representa ou expresa movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente
B6.4. Coñecemento, práctica e valoración dos xogos e deportes tradicionais de Galicia. Coñecemento e práctica de xogos doutras culturas.	6.2.1. Recoñece as diferenzas, características entre xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u> Valoración dos traballos entregados tanto escritos como gráficos (fotos, vídeos).</p> <p>Observación da implicación nas actividades e traballo proposto</p>
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Rúbricas</p> <p>Lista de control.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Para a cualificación de final de curso teránse en conta:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. As cualificacións obtidas no 1ª e 2ª avaliación- 70%</li> <li>2. Consecución dos estándares de aprendizaxe adaptados, e posteriormente os criterios de avaliación xerais para cada un deles.- 20%</li> <li>3. Traballos, fichas realizados no 3º trimestre -10%</li> </ol>



3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Repaso e reforzo: Actividades motrices sinxelas para realizar dentro da casa.</p> <p>Ampliación: Realización de investigacións a través de diferentes webquest, proposta de actividades físicas sinxelas adaptadas o entorno no que se atopan os alumnos.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Empregaremos a Asignación de tarefas</p> <p>Descubrimiento guiado: a través das “Web quest” plantexamos unha investigación na que eles deben buscar as repostas e elaborar unha presentación.</p> <p>Alumnado sen conectividade: Facilitaranse as tarefas en arquivo PDF ou impresas (entregadas polo servizo de protección civil do concello)</p>
Materiais e recursos	<p>Ordenador/ tablet, material funxible (folios, cartulinas,..) para realizar as presentacións propostas. Ademais precisaran materiais sinxelos que atopen pola casa para realizar os xogos/ actividades propostas.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A través do titor informarase as familias desta adaptación da programación, por correo electrónico e contacto telefónico.</p>
Publicidade	<p>Publicación na páxina web do centro.</p>

INSTRUCCIÓN DO 27 DE ABRIL DE 2020, DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO TERCEIRO TRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2019/20, NOS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

## ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN

### DIDÁCTICA

### CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PETELOS- MOS

CURSO: 5º ED. PRIMARIA

MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE PETELOS

CURSO: 5º ED. PRIMARIA

MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publilidade**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1.1. Recoñecer e estimar que Deus creou á persoa humana con desexo de ben.	1.1. Localiza, a través de diversas fontes, biografías que mostran o desexo humano do ben
B1.2.3. Comprender e respetar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	2.1. Clasifica é consciente do contido do decálogo.
B2.6. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	2.3. Nomea e clasifica os grupos de libros no A.T. e N.T.  3.2. Sinala afirmacións das testemuñas recollidas nos primeiros capítulos dos Feitos dos Apóstoles onde se recoñece que a resurrección é acción e Deus.

2.Avaliación e cualificación	
Avaliación	<u>Procedementos: Valoración dos traballos entregados na 1ª e a 2ª avaliación</u>
	<u>Instrumentos:</u> <u>Valoración das tarefas da 1ª e a 2ª avaliación</u> <u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final do curso</u> <u>Para cualificación de final de curso teránse en conta:</u>
Cualificación Final	1. As cualificacións obtidas na 1ª e 2ª avaliación.- 80 % 2. Consecución dos estándares de aprendizaxe adaptados, e posteriormente os criterios e avaliacións xerais para cada un deles.- 20%

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Repaso e reforzó: Proposta a través das web, de actividades sinxelas adaptadas o entorno no que se atopan os alumnos
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Enpregaremos propóstas de tarefas Descubrimento guiado: a través das "Web"
Materiais e recursos	

### 4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través do Etor informarase as familias desta adaptación da programación, por correo electrónico e contacto telefónico.
Publicidade	Publicación na páxina web do centro.



# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CEIP Petelos  
Inglés  
6º  
12 – 05 - 2020

## **ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



## ELEMENTOS DE AVALIACIÓN:

### Bloque 1. Comprensión de textos orais

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cm	Indicadores
<p>B1.1. Identificar o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais en textos orais moi breves e sinxelos en lingua estándar, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e lentamente e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, que se poida volver escoitar o devandito ou pedir confirmación e conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.</p>	<p>PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).</p>	<p>CL</p>	<p>CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.</p>
<p>B1.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).</p>	<p>CL</p>	<p>CL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un medio mecánico.</p>
<p>B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse una idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para</p>

			resolver problemas de comunicación.
B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	CL	CL1.3. Identifica informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.
	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.		

## Bloque 2. Producción de textos orais: Expresión e interacción

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cm	Indicadores
B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar	CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.	un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.		
B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou apoiando con xestos o que se quere expresar.		CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
		CL SC	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.
B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.		CL SC	CL2.1. Fai un uso axeitado da pronunciación, ritmo, entoación e acentuación en diferentes contextos. CL2.2. Participa en representacións sinxelas SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.
B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.			

### Bloque 3. Comprensión de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cm	Indicadores
<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un diccionario e conte con apoio visual e contextual.</p>	<p>PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p>	<p>CL</p>	<p>CL4.1. Capta o sentido global de textos sinxelos. CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p>
<p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.</p>	<p>CL</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p>
<p>B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese. AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.</p>
<p>B3.4. Inferir do contexto e da información contida no texto os</p>	<p>PLB3.4. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p>

significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.	identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción condúzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).		AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.
	PLEB3.5. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).		

#### Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cm	Indicadores
B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	CL	CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.
B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	CL	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto

B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.		CL	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.
B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.		CL AA	CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto. AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.
B4.9. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.			

## Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Cm	Indicadores
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición.	SC	SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.

adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.			
B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	CL SC	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.
B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. Unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	CL SIEE	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes.
B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. ex. estrutura interrogativa para demandar información).	PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. Médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.	CL SC	CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando a quenda de palabra.
B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou	CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

e intereses.	multimedia e de manifestacións artísticas.		
B5.6. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, “entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.		CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
B5.7. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.		CL	CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.
B5.8. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.		CL SC	
B5.9. Valorar as linguas coma un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.		CL SC	

Cm = competencias

CL = Competencias en Comunicación Lingüística

CMCT = Competencia Matemática, Científica e Tecnolóxica

CD = Competencia Dixital

AA = Aprender a Aprender

SC = Competencias Sociais e Cívicas

SIEE = Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor

CEC = Conciencia e Expresións Culturais



<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: A avaliación será formativa baseada nas competencias clave.
	Instrumentos: Observación e seguimento sistemático dos alumnos e alumnas.
<b>Cualificación final</b>	Avaliación sumativa do 1º e 2º trimestre.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Repaso e reforzo.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	A metodoloxía será activa. Por medio de xogos e actividades on line para os que teñan conectividade e por medio de fichas en PDF para os que non teñan conectividade.
<b>Materiais e recursos</b>	Para o alumnado con conectividade as actividades estarán colgadas no Blog English 6, na web da escola. Para o alumnado sen conectividade envío de documentos en PDF (fichas), a través do titor, por medio do servizo do Concello de fotocopias, ou chamada telefónica,...

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Informarase a través da páxina web do centro, email ou contacto telefónico coas familias.
<b>Publicidade</b>	Na páxina web do centro.